



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 26/09/2015

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e seis de setembro de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D. José Trillo Lema
D^a. Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D^a. María Éliida Pequeño Lorenzo
D. Anselmo Ramos Martínez
D^a. Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D^a. Raquel Rodríguez Amigo
D^a. Paula Mouzo Maceiras

Ausentes:

D^a. María José Ramos Rey

Secretaria: D^a. María Cristina Varela García

Interventor acctal.: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

O alcalde xustifica a ausencia da concelleira Sra. Ramos Rey, que se atopa fora de Vimianzo acompañando aos veciños nunha excursión organizada polo concello.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* da acta da sesión ordinaria celebrada o 1 de agosto de 2015.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ningún concelleiro/a formula observacións.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada o 1 de agosto de 2015.

2º. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de setembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas o 22 de setembro de 2015, que se transcribe literalmente:

Documento firmado digitalmente. CVD: D4o0ChushuUhgEgfcTpO
CN=NOMBRE ANTELO PAZOS MANUEL - NIF 52432258D, OU=703013342, OU=fnmt.clase 2 ca, O=FNMT, C=ES
CN=NOMBRE VARELA GARCIA CRISTINA - NIF 53168338C, OU=703013333, OU=FNMT, Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES
El documento consta de un total de 18 páginas. Página 1 de 18.



“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O artigo 74.2 quáter do RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, recolle unha nova bonificación potestativa, introducida con efectos dende o 1 de xanerio de 2013, polo apartado catro do artigo 14 da Lei 16/2012, de 27 de decembro, polo que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica («B.O.E.» 28 diciembre), do seguinte tenor:

“2 quáter. Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

No concello de Vimianzo a actividade agro-gandeira ten un peso importante na economía local. Ata o momento actual os inmobles agropecuarios non tributaban, e é intención do goberno municipal manter esa situación como paliativo da situación de crise que está atravesando o sector, como no caso das explotacións lácteas. Tamén pode ser un incentivo para promocionar esta actividade tan singular e de interese público no noso concello.

E visto o informe de intervención emitido en data 15 de setembro de 2015, sobre a proposta de modificación de dita ordenanza, propónse ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 8 reguladora do Imposto sobre bens inmobles, variando a redacción do seu artigo 5º, que quedaría da seguinte maneira:

“Artigo 5.º

En virtude do artigo 74.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, aplicarase unha bonificación do 40% na cota íntegra do imposto, para os bens de natureza urbana, a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, previa solicitude do interesado e previa acreditación por parte do mesmo desa condición, sempre e cando os bens inmobles sobre os que se pretenda aplicar a bonificación non teñan un valor catastral superior ós 100.000 euros.

Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenvolvan, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A bonificación terá carácter rogado e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ó da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:



- *Certificado de Facenda no que conste a situación censal do solicitante.*
- *Acreditación da titularidade catastral do inmovible.*
- *Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.*
- *Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.*

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

A bonificación será aprobada, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local (por delegación do Pleno) previo informe técnico."

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación da bonificación, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, e darase conta do acordado ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se insertará no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados, poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

CUARTO.- No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."

O alcalde explica que a partir de 2016 o Ministerio de Facenda establece a obriga de tributar polas granxas. Lembra que este foi un compromiso adoptado no pleno anterior, co cal en principio a partir de mes de novembro os gandeiros poderán solicitar a bonificación para que se aplique no exercicio 2016. Aclara que debe pedirse tódolos anos porque así o esixe a normativa, non porque sexa vontade do goberno.

A Sra. Mouzo Maceiras mostrase dacordo coa proposta.

A Sra. Rodríguez Amigo tamén se mostra a favor, pero considera que se ten que ir máis aló e aplicar esta bonificación a todo o comercio e industria porque son sectores que están creando traballo.

O Sr. Rodríguez Blanco tamén di que está totalmente dacordo. Considera que habería que preparar unha campaña informativa por parte do concello para que tódolos interesados coñezan a existencia desta bonificación e ninguén se despiste á hora de pedila.

A Sra. Rodríguez Ordóñez di que está totalmente dacordo pero eles levan pedindo medidas coma esta dende decembro de 2012. Aproveita para pedir que se incrementen as bonificacións ás familias numerosas.



O alcalde di que a voceira de IxV non se está enterando de nada. Aclara que as bonificacións das familias numerosas leva tempo aplicándose. Pídelle que estea atenta ao que liu a secretaria, pois especificou expresamente que parte do artigo 5º se modifica neste punto.

A voceira de IxV responde ao alcalde que se enterou perfectamente.

O alcalde dille que non. Puntualiza que en decembro de 2012 non puideron esixir nada disto porque non había previsión por parte de Facenda de cobrar o IBI ás granxas. Ao PP pídelle responsabilidade á hora de formular propostas, pois non hai marco legal a día de hoxe para establecer esas bonificacións.

A concelleira do PP insiste en que sí.

O alcalde aclara que a lei de facendas non é un chicle para estiralalo ata onde se queira.

A Sra. Rodríguez Amigo interrompe.

O alcalde dille que é a segunda vez que o interrompe e prégalle que lle deixe rematar a súa intervención, defendendo a proposta do goberno.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

3º. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do servizo de sumidoiro.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de setembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas o 22 de setembro de 2015, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SERVIZO DE SUMIDOIRO

Visto que a ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo subministro de auga recolle a exención de pagamento por cambio de titularidade dos recibos en caso de falecemento do titular, e como a xestión desta taxa levase conxuntamente coa taxa polo servizo de sumidoiro e necesario recoller este cambio tamén na ordenanza fiscal reguladora do servizo de sumidoiro.

Considérase axeitado, recoller o non pagamento de cambio de titularidade no caso da Taxa reguladora do servizo de sumidoiro. Visto informe de intervención emitido en data 15 de setembro de 2015, sobre a proposta de modificación de dita ordenanza, propónse ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa correspondente:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 4 reguladora da Taxa polo servizo de sumidoiro, variando a redacción do seu artigo 5º, que quedaría da seguinte maneira:

"Artigo 7. Cota tributaria



A cota correspondente á presente Taxa será a seguinte:

A.-ACOMETIDAS: Por toda acometida inicial á rede, sempre que a distancia desde as redes de distribución ó punto de conexión sexa igual ou inferior a 20 metros, e (que inclúe: material, man de obra), para leira, inmoble, obra, vivenda ou local por importe de TRESCENTOS EUROS (300,00) EUROS.

B.-Cambios de titularidade: 30,00 euros. No suposto de que o cambio de titularidade derive do falecemento do titular, non se cobrará nada.

C.-Servicio de saneamento e depuración:

C.1. Para abonados con abastecemento de auga:

Domésticos:

Ata 30 m3 o trimestre..... 3,00 euros/Trimestre

De 30 a 60 m3 un adicional de ... 0,15 euros/m3

De máis de 60 m3 un adicional de ... 0,18 euros/m3

Comercial e industrial:

Mínima de 60 m37,20 euros/Trimestre

De máis de 60 m3 un adicional de .. 0,20 euros/m3

C.2. Para abonados sen abastecemento:

- Domésticos. Cota fixa mensual: 8,00 euros/Trimestre

- Comercial e Industriais e obras. Cota fixa mensual: 20,00 euros/Trimestre "

SEGUNDO.- Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se insertará no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."

O alcalde explica que a proposta do goberno consiste en que sexa gratuíto o cambio de titularidade do recibo do sumidoiro en caso de falecemento do titular, do mesmo xeito que o é no caso da auga.

A concelleira socialista di que está dacordo.

A concelleira do PP di que está dacordo, e lembra que hai parroquias que seguen sen saneamento e sen embargo eses vecinos non terían porque pagar o mesmo.

O concelleiro de TeGa declina intervir.



A concelleira de IxV di que está favor, pero non se explica porque cando se fixo para a auga non se fixo tamén para o sumidoiro.

O alcalde volve a dicirlle á Sra. Rodríguez Amigo que non se entera, pois quen sí cobra canon de saneamento aínda que non se teña a sumidoiro é a Xunta de Galicia gobernada polo PP. Di que xa lle gustaría que a Xunta transferirá eses cartos aos concellos para facer o saneamento, tal como prometeu cando implantou o canon.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

4º. Expediente núm. 2015/SC/05 de suplemento de crédito financiado con baixas por anulación.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de setembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas o 22 de setembro de 2015, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: EXPEDIENTE NÚM. 2015/SC/05 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO BAIXAS POR ANULACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2015/SC/05, co seguinte detalle;

- Aprobación de suplemento de crédito na aplicacións orzamentaria que se sinalan de seguido, por importe total de 27.000,00 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
453 21000	Carreteras.Reparación, conservación e mantemento de infraestruturas.	20.000,00
453 22199	Carreteras.Outros subministrados.	7.000,00
TOTAL		27.000,00

- Financiamento:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
-------------------------	----------	-----------------------	----------------------	-------------------------



161 13100	Abastecemento domiciliario de auga. Laboral Temporal	36.856,12	-4.000,00	32.856,12
1621 13100	Recollida de residuos. Laboral Temporal	18.047,26	-5.000,00	13.047,26
1621 16000	Recollida de residuos. Seguridade Social	22.810,00	-2.000,00	20.810,00
931 12000	Política económica e fiscal. Retribucións básicas. Soldo do grupo A1	19.967,20	-3.200,00	16.767,20
931 12009	Política económica e fiscal. Retribucións básicas. Outras retribucións	11.104,46	-1.200,00	9.904,46
931 12100	Política económica e fiscal. Retribucións complementarias CD	30.563,12	-2.900,00	27.663,12
931 12101	Política económica e fiscal. Retribucións complementarias CE	67.908,80	-6.000,00	61.908,80
931 16000	Política económica e fiscal. Seguridade social	41.669,00	-2.700,00	38.969,00
TOTAL			-27.000,00	

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia."

O alcalde explica que por diversos motivos hai créditos sobrantes no capítulo de persoal e eses créditos – motivados pola xubilación dun traballador, dous funcionarios en comisión de servizos – vanse adicar a estradas.

A Sra. Mouzo Maceiras di que lle parece ben que se adiquen eses cartos á rede de pistas municipais pero non lle parece moita cantidade. Pide que se melloren tamén os núcleos.

A Sra. Rodríguez Amigo está dacordo con todo o que sexa mellorar as infraestruturas.

O Sr. Rodríguez Blanco está dacordo e pregunta que pistas son. Pídelle á concelleira do PSOE que agora que gobernan na Deputación adiquen cartos ás infraestruturas.

A concelleira de IxV di estar dacordo e pide que se fagan arranxos que non duren dous días.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

5º. Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2014.



Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de setembro de 2015, que se transcribe literalmente:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que a Conta Xeral do exercicio 2014, xunto coa documentación anexa á mesma foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos (que actúa tamén como Comisión Especial de Contas), na sesión celebrada en data 26 de maio de 2015.

Visto que o anuncio de exposición pública da mesma foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 103 de 3 de xuño de 2015, e que transcurrido o prazo de exposición pública, non se teñen presentado alegacións segundo se desprende do certificado emitido pola Secretaría Municipal do Concello de Vimianzo en data 09.07.2015.

Procede dar conta ao pleno de toda a documentación relacionada así como de conformidade co disposto no artigo 212.5 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014 do Concello de Vimianzo.

SEGUNDO.- Proceder a render a mesma, conforme se determina no artigo 212.5 do RDL 2/2004 de 5 de marzo."

O alcalde explica que sempre dixeron que a Conta Xeral era un documento técnico que reflicte fielmente a imaxe económica do exercicio, pero en ningún caso se trata de fiscalizar a xestión económica do goberno, de aí que no 2011, recén chegados ao goberno, votaran a favor da Conta Xeral do 2010.

Os concelleiros do grupo mixto din non ter nada que obxectar a este punto.

A concelleira de IxV di que se van abster e pregunta se no punto de dación de conta do informe de Intervención o alcalde vai deixar intervir aos grupos.

O alcalde responde que a orde do día está para respectala, co cal en cada punto fale do que teña que falar.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor do BNG e Sra. Mouzo Maceiras, catro abstencións de IxV e Sres. Rodríguez Amigo e Rodríguez Blanco, e ningún voto en contra, aproba a proposta de acordó.

6º. Proposta sobre o cumprimento da Lei de Prevención de Incendios.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de setembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 22 de setembro de 2015, que se transcribe literalmente:



"PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: Proposta sobre o cumprimento da Lei de Prevención de Incendios.

Tendo en conta a vaga de incendios que este verán afectou á Galicia, especialmente ao noso municipio, no que arderon un total de 185,15 hectáreas de terreo.

Polo exposto, elévase ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia á inclusión do Concello de Vimianzo dentro do grupo de concellos damnificados pola vaga de incendios á hora da distribución de axudas, tanto polos danos directos que os incendios ocasionan como polos danos indirectos, derivados das tarefas de control e extinción de incendios por parte dos efectivos habilitados ao efecto.

Segundo.- Instar aos propietarios de fincas forestais colindantes cos núcleos rurais, ou incluídas dentro dos mesmos, a que procedan ao cumprimento das obrigas establecidas na Lei de Prevención de Incendios; en caso de incumprimento o concello levará a cabo as medidas correspondentes de forma subsidiaria."

O alcalde sinala que este verán o municipio viuse afectado por unha vaga de incendios, en concreto en Berdoias, Castrelo e Carnés. Non quere aplicar o refrán de acordarse de Santa Barbara só cando chove, por eso traen esta proposta ao pleno agora, que se divide en dúas cuestións: a primeira, que a Xunta teña en conta, á hora de sacar axudas, que Vimianzo é un municipio afectado; e a segunda, que é hora de lembrarlle á xente que temos unha lei de prevención de incendios que hai que cumprir antes do 30 de xuño cada ano. Explica que se debe limpar unha franxa de 50 metros dende o límite dos núcleos rurais. Considera que deben facer unha campaña de información para que cando chegue o verán as faixas de protección estean limpas, pois o primeiro é preservar ás casas do lume.

A Sra. Mouzo Maceiras está totalmente dacordo en facer unha forte campaña informativa e lembra que cando era nena había unas axudas para que a xente limpase os montes.

A Sra. Rodríguez Amigo está dacordo en que se faga cumprir a lei.

O Sr. Rodríguez Blanco está dacordo en que o concello actúe, e se ten que sancionar que o faga, porque é unha medida exemplarizante. Considera que este é o momento de volver a esixirlle á Xunta que permita que Vimianzo recupere o Grumir, pois tiñamos un equipo moi preparado que seguramente este verán terían actuado mellor do que se fixo.

A concelleira de IxV está totalmente dacordo coa proposta, pero a maiores considera que dende o concello debería volver a intentarse recuperar o GES perdido.

O alcalde sinala que na actualidade contan con dúas persoas no Grumir, pero esta estrutura non se incorporou ás cuadrillas de extinción e polo tanto non pode actuar ao marxe delas. Sinala tamén que teñen dúas brigadas de prevención e unha motobomba. Se as brigadas non actuaron, entende que foi porque quen estaba ao mando non deu as ordes para actuar. Lembra que no caso de Berdoias foi o propio alcalde quen tivo que chamar para que atenderán á zona das casas e

Documento firmado digitalmente. CVD: D4o0ChushuUhgEgfcTpo
CN=NOMBRE ANTELO PAZOS MANUEL - NIF 52432258D OU=703013342 OU=fnmt clase 2 ca, O=FNMT, C=es
CN=NOMBRE VARELA GARCIA CRISTINA - NIF 53168338C, OU=703013333, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES
El documento consta de un total de: 18 páxinas. Páxina 9 de 18.



deixaran o que estaban facendo en fincas privadas. Considera que eso non estivo ben feito, non obstante agradece a pronta actuación. Coincide coa oposición no tema do GES, e lembra que cando no seu momento se plantexou esa reivindicación, o Sr. Rueda prometera que se algún concello non chegara a constituir o GES, tomarían en conta a candidatura de Vimianzo. Di que hai rumores de que non tódolos GES que estaban previstos se constituiron, rumores que van tratar de confirmar e reivindicar nese caso que volva para Vimianzo. Explica que o GES está incluído na estrutura do 112 e baixo un mando único, e que o Grumir está recibindo instrucións do 112, coma se fora un GES, cando non o é e nin tan siquera o financia a Xunta, senón íntegramente o concello.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

7º. Comunicados oficiais.

Non hai comunicados oficiais.

8º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 1 de agosto de 2015, isto é, dende a resolución núm. 1011 do 28/07/2015 ata a resolución núm. 1290, do 22/09/2015.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

9º. Dación de conta do informe de Intervención establecido no artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O alcalde dalle a palabra ao interventor acctal. Explica que se da conta do informe previsto no art. 218 do TRLRFL, do que teñen copia tódolos concelleiros.

10º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

De orde do Sr. Alcalde, o interventor acctal. da conta da remisión ao Ministerio de Facenda do documento sobre liñas orzamentarias.

11º. Mocións.

A Sra. Mouzo Maceiras le o título da moción presentada con RE 6453/2015 polo grupo mixto.

O alcalde lémbrralle que en primeiro lugar debe motivar a urxencia.



A Sra. Mouzo Maceiras afirma que se están cometendo unha serie de erros por parte do goberno cos empregados públicos.

O alcalde considera que a concelleira non motivou a urxencia, e polo tanto xa nin procedería sometela a votación. Explica a orixe da palabra "nepotismo" e entende que esta moción debe referirse a actitudes do goberno anterior, non do actual. Acusa á oposición de defender intereses particulares dun traballador laboral temporal, ao cal non se lle vulnerou ningún dereito. O único que fixo este goberno foi regularizar o tema do fútbol, por recomendación da Intervención municipal, como antes se fixera co resto das escolas deportivas. Por eso se puxo no mesmo paquete ao persoal da anterior empresa que prestaba o servizo e a este traballador municipal. Afirma que non está disposto a sufrir chantaxe por parte dun traballador e considera que a oposición está sendo instrumentalizada neste asunto.

A Sra. Mouzo Maceiras afirma que todo o mundo sabe como entraron os traballadores municipais pero nega que defendan os intereses particulares de ningún traballador. Pide que o alcalde explique que pasa con eses traballadores subrogados dende o 31 de maio ao 1 de outubro, período no que non funcionan as escolas deportivas. Afirma que o traballador non está obrigado a subrogarse se non quere. Considera que se a xente non traballa, hai que abrirelle un expediente "e porta", non botalos pola porta de atrás.

O alcalde di que ela mesma se está contestando e sí está defendendo intereses particulares. Afirma que a esta traballador pásalle exactamente o mesmo que lle pasaba no concello, pois de maio a outubro tampouco había fútbol. O que non podemos é confundir ao persoal laboral temporal cos funcionarios. Pregunta porque ten o goberno que facer diferencias entre uns monitores e outros e repite que vai ter os mesmos dereitos laborais na empresa que no concello. Adicarase máis ou menos media xornada ao concello e a outra media á empresa. Non ve que discriminación se cometeu con este traballador, pero preocúpalle moito que se lance a imaxe de que o importante é estar no concello, non traballar. Afirma sentirse moi orgulloso dun sector de traballadores municipais que, aínda sendo temporais, traballan moi duro. Se ese traballador quere ter eses dereitos que alega, o que ten que facer é superar unha oposición. Lembra que a Lei de emprego público de Galicia recén aprobada dispón que aqueles gobernantes que fagan fixos aos laborais temporais incorren en responsabilidade.

Sometida a votación a urxencia, en cumprimento do disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), obténse o seguinte resultado:

- 5 votos a favor de IxV e grupo mixto
- 7 votos en contra do BNG
- 0 abstencións

Dado que non se acada a maioría absoluta esixida no art. 83 do ROF, non resulta aprobada a urxencia.

12º. Rogos e preguntas.



A Sra. Mouzo Maceiras formula os seguintes rogos e preguntas:

- 1.- ¿Que nos pode contar de como está a situación dos montes de Milleira e Gorreis? ¿que noticias hai ou que contactos a día de hoxe?
- 2.- ¿Que trámites se están a facer para que as beirarrúas na parroquia de Cereixo sexan unha realidade próxima. ¿E posible que nalgún momento un representante dos vecinos teña voz no pleno?
- 3.- ¿Estanse a preparar ou promover as melloras básicas e necesarias para varias zonas do colexio publico san Vicenzo de Vimianzo? Beirarrúas, arranxos no patio, etc.
- 4.- ¿Vaise a tomar algún tipo de medida a curto prazo para poder mellorar as barreiras arquitectónicas no noso pobo? Suxiro que xa que se están a arranxar as beirarrúas no centro do pobo e nas aforas (Ogas, Ponterroda, etc) se podían preparar accesos en rampa para persoas con limitacións ou en cadeira de rodas.
- 5.- Como sabe presentouse na alcaldía e en rexistro por parte da concelleira do Psoe a localización dunha finca mancomunada para que a creación dun punto limpo de recollida de plásticos agrícolas na parroquia de Baiñas, ¿con que prazo de tempo se conta para que sexa unha realidade?
- 6.- Rogo nas Obras de saneamento na Rúa Pontenova, Vimianzo: gustárame saber quen é o responsable ou a dirección para que esta se execute correctamente, xa que as queixas dos vecinos son notables. Isto debido a que para executar unha obra antes hai que avisar aos residentes, realizar un replanteo e unha adecuada planificación para evitar problemas como os que están ocorrendo, como por exemplo, nesta obra estiveronse abrindo gabias sen replanteo previo, pasando tubos, tapando, e claro debido a falta dunha correcta planificación e despois de feito o traballo vese que non queda a nivel que sube por riba deste, o faltar o replanteo correcto houbo que volver a arrancar todo de novo e volvelo a facer. Por iso rogase ao goberno que se controlen mais a execución das obras sexan da índole que sexan. As cousas vale mais facelás pouco e ben que moito e mal.
- 7.- Rogase que se saquen as rochas que hai na saída do polígono, xa que poden dar lugar a accidentes, xa que o polígono está tendo mais circulación.
- 8.- Rogase que se adecente a fachada da guardería municipal (referíndose ao pintado desta).
- 9.- Rogo que cando haxa algún tipo de evento, sexa da índole que sexa, que se me avise, vale que se faga cun correo electrónico ou mensaxe.

O alcalde responde:

Respecto do tema da inauguración, di que houbo moitos anuncios en prensa, carteis, nas redes sociais, etc. Non obstante procurarán comunicalo no futuro.

Ao respecto das queixas da escola infantil, o alcalde di que nese escrito hai sinatutas de persoas que na actualidade non son usuarios do centro, como a Sra. Rodríguez Ordóñez. Anuncia que



haberá unha reunión cos pais e nais e lembra que hai máis dun mes solicitou un informe técnico sobre as deficiencias. Pide á oposición prudencia á hora de queimar estas cousas, pois a escola funciona ben e pódese dar unha imaxe equivocada do centro. Pensa que a ubicación da escola infantil non é a máis axeitada, pero non se lle pode imputar ese fallo a este goberno, que en todo caso procurará corrixilo. Ademais lembra que o concello non recibe ningún tipo de axuda da Xunta e a escola infantil non é competencia municipal. Ten solicitada unha entrevista coa conselleira para tratar ese asunto.

Respecto das pedras do parque empresarial, di que xa se quitaron haberá uns quince días e reubicáronse noutro sitio. Xa se licitou o control de accesos e estase licitando a reposición do cableado.

Explica o alcalde que na Pontenova non se está facendo ningunha obra de saneamento, senón enganches á rede existente, tras a solicitude de residentes en vivendas en situación de fora de ordenación. O goberno non está disposto a dotar de saneamento a zonas sen desenvolver. Dille á concelleira que non se deixe instrumentalizar por xente que só se adica a criticar, pois non se pode facer caso de todo o que se di.

Respecto ao punto limpo de Bañías, lembra que el dixo á concelleira que propuxera unha masa común, e a finca que propuxo é unha finca comunal. O goberno sabe dunha finca estupenda, unha masa común, pero ao carón hai unha casa en solo rústico e non quere que o propietario pense que a ubican alí para fastidialo. Polo tanto, agás que a ese veciño non lle importe, non queren proponer esa ubicación.

Sinala o alcalde que a eliminación de barreiras arquitectónicas é algo que se ve, pois estase facendo.

Di que no CEIP San Vincenzo estanse atendendo tódalas reclamacións día a día. Repite que o tema do patio cuberto é competencia da Xunta, e anuncia que este xoves ten unha entrevista co xefe territorial de Educación, á que irá acompañado na presidenta da AMPA e da directora.

Afirma non ter inconveniente en que os vecinos participen no pleno, falará coa secretaria para ver como facelo.

Respecto á senda de Tufiões, estanse formalizando as cesións, neste intre non pode dicir canta xente falta por asinar. Tamén van abordar o tema da finca que se comprou.

O alcalde agradece a pregunta respecto dos montes Milleira e Gorreis. Considera que neste asunto todos tiveron moita paciencia, incluso cando dende a Xunta os encamiñaron cara unha solución e un ano despois degenouse esa vía. Despois o que fixeron foi optar por desconsorciar e descatalogar. Pediron as contas do consorcio e no caso de Gorreis é cero e no Milleira son uns 59.000 euros. Despois pediron a rescisión do consorcio de Gorreis e os xustificantes de gastos do saldo de Milleira. Tras máis de vinte chamadas a semana pasada advertiulles que se ía persoar no Servizo de Montes e dixéronlle que podía ir, que os recibiría un funcionario. Foron o venres e o trato foi de auténtica vergoña. A excusa para non facilitarlles a documentación é que son documentos moi antigos e non saben onde están arquivados. Califica de tomadura de pelo reclamar 59.000 euros sen ter xustificantes que o acrediten. Respecto da rescisión do consorcio de



Gorreis tamén puxeron excusas. A conclusión que saca é que a actitude da consellería é obstaculizar en lugar de buscaren unha solución. Acúsaos de falta de transparencia, de actuar con escurantismo porque teñen moito que ocultar. Trátase dunha consellería na que hai moita corrupción e actuaron sempre agochando información. Entende que non se debe nada mentras non se xustifique que existen eses gastos. Afirma que están vacilando aos vecinos, non ao alcalde.

A Sra. Rodríguez Amigo di que no tema dos montes o alcalde no anterior pleno quedou en avisar aos portavoces para esa reunión. Como concelleira roga ao alcalde que os deixe falar libremente nos plenos ou que conceda un turno de réplica, pois detrás das súas opinión hai vecinos que opinan o mesmo. Pide que deixe de censuralos. Plantexa os seguintes rogos e preguntas:

- 1.- Afirma que en Carnés hai uns eucaliptos que están detrás da escola unitaria e no vindeiro temporal poden caer e a xente está preocupada.
- 2.- Pregunta que pasa dun tramo de estrada xunta o taller Ideal.
- 3.- Pregunta que pasa co proxecto da Piroga.
- 4.- Lembra que o grupo mixto presentou un escrito solicitando un local dentro do concello, quere saber que pasa con ese local e coa asignación económica.
- 5.- Fai referencia a varias cuestións do informe de Intervención sobre o exercicio 2014, en concreto: a ausencia de RPT, de rexistro informatizado de persoal, de postos con carácter permanente non incluídos na OEP, falta de motivación na asignación de productividades... Pregunta a que ven este informe, se antes o alcalde dixo que a xestión era "divina de la muerte".

O alcalde explica, en relación con esta última pregunta, que se fai caso dese informe ten que despedir a todos os laboráis temporais. De feito lembra que tivo que recurrir a un informe externo da UDC para non despedir a dous traballadores do Grumir cando desapareceu. Está dacordo co informe en que hai laboráis temporais en postos de carácter permanente, e efectivamente tampouco hai unha RPT, e agradece que llo pida e agarda que toda a Corporación estea dacordo, e de feito vaise facer.

A concelleira do PP aclara que non lle pediu nada, que simplemente liu o informe.

O alcalde di que non pode criticalo por non ter RPT e despois non apoialo se a fai. Recoñece tamén que non hai un rexistro de persoal e teñen que telo. O importante é que se prestan os servizos, outra cousa sería que se cobren facturas sen facer os traballos, como aconteceu coa Casa de Cultura.

Lembra o alcalde que o goberno central do PP prohibe a contratación de persoal aos concellos, e sorpréndelle que a concelleira do PP diga eso, pois supón que coñece a normativa. Di que ou non se contrata xente para a limpeza de núcleos ou, se se contrata, incorren neste vicio.

A concelleira do PP di que o informe fala de como se contrata.

O alcalde pídelo que non o censure e o deixe contestar. Acusa a Rajoy de abocar aos concellos a contratar empresas para prestar os servizos.



Respecto da estrada de Olveira, o tramo que pasa pola Piroga, lembra o alcalde que o PP prometeu asumir a titularidade da estrada se gañaba a candidata en Vimianzo. Afirma que os alcaldes de Vimianzo e Zas están por eso, e entende que o deputado de Vías e Obras tamén, pero acaba de chegar e non quere apretarlle o pescozo o primeiro día.

En canto á escola de Carnés, o alcalde explica que tivo unha reunión cos vecinos hai un ano para que os propietarios cortasen, e uns cortaron e outros non. Veñen de aprobar o tema dos incendios nesta sesión, e se non se cortan vaino facer o concello e pasaralle a factura ao propietario.

O alcalde continúa indicando que están para licitar a obra de Trasouteiro, incluída no POS 2015, pero falta a autorización de Augas de Galicia despois de meses esperando. Califica o funcionamento dese organismo de "disparatado". Non entende os retrasos en asinar unha autorización habendo sinatura dixital.

Considera o alcalde que a concelleira do PP non pode acusar ao alcalde de censura, cando é ela quen o interrompe continuamente. Outra cousa é que non lle gusten as palabras do alcalde. Tampouco pode acusalo de censura nos medios de comunicación, outra cousa é que alguén non capacitado pretenda facer xornalismo nun blog. Afirma que a relación do goberno municipal cos xornalistas en xeral é moi boa.

O concelleiro de TeGa pídelo a Sra. Mouzo Maceiras que rectifique, pois as acusación que fixo sobre a forma de acceso ao emprego público no concello de Vimianzo.

O alcalde aclara que non debe dirixir as críticas a unha concelleira da oposición, senón ao propio goberno. Non obstante, recoñece que se lle satisface que haxa polémica no grupo mixto.

O concelleiro de TeGa sinala, respecto do punto limpo de Baíñas, que debería ubicarse nunha zona na que non haxa vivendas. Pregunta cando se prevé que estea listo o alumeado do parque empresarial, e pide que se aproveite para reponer as farolas.

O alcalde di que o alumeado do parque prevén que estea listo a finais de outubro. O punto limpo pode poñerse nesa masa común, pero repite que se non o fixeron foi para non crear polémica con ese veciño.

A concelleira de IxV di que ten 16 rogos e preguntas, algún deles xa repetidos, pero ten cousas que aclarar porque se fixeron referencias a ela.

1.- Di que dende o 2012 IxV leva reivindicando un plan fiscal...

O alcalde dille que isto non é un debate sobre os puntos anteriores da sesión.

A Sra. Rodríguez Ordóñez pídelo ao alcalde que respecte as intervencións dos grupos.

2.- ¿Qué pasa este ano coas axudas escolares?

3.- Roga que se habiliten fondos para alomenos facer un pasadizo dende a entrada ata o CEIP.

4.- Aclara que o escrito da escola infantil ten data do 26 de xuño, cando a súa filla era usuaria do centro. Recoñece que funciona maravillosamente, pero eso non quita que como concelleira non lle



preocupe o centro, pois hai anos que non se lle toca. Aproveita este punto para pedir unha modificación do regulamento, ampliando o número de prazas da escola, pois hai moita demanda este curso nese sentido.

5.- Pide que se amplíen as actividades culturais, pois levamos moitos anos coas mesmas (por exemplo, cita informática).

6.- ¿Qué pasa coa obra da rúa Tedín? Independentemente dos permisos, hai cousas sen rematar, e a obra está totalmente parada.

7.- Di que as obras do polígono tiñan que estar feitas o 30 de setembro, pregunta se houbo ampliación e cando se van iniciar.

8.- Pide que se arranxen pistas que durante a campaña se arranxaron en Castrelo e quedaron mal.

9.- Pregunta se se prevé o desenvolvemento urbanístico da zona de Tras do Muíño.

10.- Pregunta se se vai arranxar a pista a Monte Torán.

11.- ¿Xa hai acta de replaneo da praza de Cereixo?

12.- Refírese a diversos arranxos (Lagüela, entre outros) e a reparación de beirarrúas.

13.- Roga que o alcalde faga efectivo o que dixo no pleno de investidura e invite á oposición á inauguración de obras coma a pista de pádel.

14.- Pregunta como está a investigación do camino de Reboredo.

15.- Afirma que o informe de Intervención é alarmante e esta mesma semana vai falar co interventor para esixir aclaracións a ese informe.

16.- Por último, di que non se pode xogar cos traballadores, que merecen un respecto. Cita tamén ao arquitecto, que está na casa e non saben porque. Pídelle ao alcalde que cambie a súa actitude.

O alcalde di que el non xoga con ninguén, senón que respecta o interese público en lugar dos intereses particulares de algún traballadores. Afirma que o arquitecto está de baixa, pero nin sabe o motivo nin obviamente llo vai preguntar. Lébralle á concelleira que tanto o propio arquitecto municipal coma o seu tío e o seu pai están imputados, con auto de apertura de xuízo oral, e deben constituir unha fianza de un millón de euros no tema da Casa de Cultura.

Respecto do informe de Intervención, pouco lle pode contestar porque a concelleira non concretou nada.

Do camino de Reboredo, o alcalde di que podería pedirlle aos funcionarios que deixen todo o que están facendo e se adiquen exclusivamente a este expediente, pero obviamente non o vai facer.

Afirma que en Lagüela a idea do goberno é aumentar servizos, pero non ten coñecemento da demanda de marquesiñas na Esquipa. O parque infantil da escola de Vilar debería estar en uso, non obstante pretenden facer un plan de mantemento de parques constante.



Aclara que non se adjudicou ninguna obra para a construción da praza de Cereixo, unicamente se adquiriu a finca.

Di que o camino de Monte Torán tratarán de arranxalo, pero os recursos son limitados e hai que priorizar.

O alcalde di que non lle consta que exista iniciativa urbanística privada na zona de Tras do Muíño.

Nega que en Castrelo houbera arranxos de camiños exprés, pois foron obras dun POS adjudicadas meses antes e recibidas pola Deputación. Coincide en que algunha podería quedar mellor.

Explica que a subvención do parque empresarial ten un prazo límite (30/09) que foi ampliado recentemente, cre que ata o 30 de outubro.

Respecto á obra da rúa Tedín, na última xunta de goberno pediulle informe ao director de obras para que indique se é obra completa e se pode ser recibida.

Aclara que as actividades que se imparten non son 28 senón 40, de xeito que Vimianzo é o único concello que oferta de forma permanente clases de informática. Ademáis, di que é dous poucos alcaldes que asina dixitalmente os decretos, sinal de que están comprometidos coas novas tecnoloxías. Non obstante, están mirando de aumentar actividades, concretamente os idiomas.

Respecto do escrito sobre a escola infantil, puntualiza que se presentou o 24 de setembro no Rexistro do concello, data na que non era usuaria do centro a concelleira de IxV, nin tampouco a muller do Sr. Soto Pérez. Repite que o actual goberno non é responsable nin da ubicación nin de outras deficiencias, sendo a responsable do mantemento do centro a concesionaria. Non descarta modificar o regulamento, de feito ten algunhas modificacións en mente e pide que a oposición tamén propoña as súas. Di que houbo unha reclamación polo horario e desestimouse, e o outro día tivo unha reclamación na Alcaldía pero esa persoa non tiña razón, a pesares de que o beneficiado era o Sr. Soto.

A concelleira de IxV aclara que ela non criticou a aplicación do baremo.

O alcalde afirma que ela queixouse de que houbo moitas reclamacións.

A concelleira de IxV nega que ela dixera eso, o único que dixo é que quedou moita xente fora.

O alcalde responde que ela "botou o seu rolo" e agora non quere escoitar ningún tipo de explicación. Respecto do CEIP, considera que debe aclarar o que queren: se marquesiña ou patio cuberto.

